

PREGO DE CONDICIÓN PARA A CONCESIÓN DE PARCELAS DE HORTAS URBANAS DE TEO

1. Obxecto.

O obxecto do presente prego de condicións é regular o procedemento de adxudicación e o contido da concesión para o uso privativo das parcelas urbanas habilitadas para hortas urbanas municipais, de acordo co establecido no Regulamento de funcionamento de hortas urbanas municipais do concello de Teo, publicado no BOP da Coruña de 20/05/2014 (en diante Regulamento).

A horta urbana municipal de Campos de Mirabel, que ten unha superficie total de 839 m², está situada na parroquia de Calo, na rúa Cernadelo, 13 da Urbanización Campos de Mirabel e distribúese en 12 parcelas.

Das 12 parcelas que forman a horta urbana, resérvanse 3 para atender a situacións de emerxencia social e 3 para persoas maiores de 65 anos, de acordo co establecido no artigo 8 do Regulamento, quedando un total de 6 parcelas, para a adxudicar ao resto dos/as veciños/as de Teo.

Ao presente prego incorpóranse como anexo II un plano no que se describe a situación das parcelas coa correspondente numeración, sendo as numeradas da 1 a 9, ambas incluídas, as que se ofertan de acordo co procedemento establecido neste Prego, reservándose o resto para atender a situacións de emerxencia social.

2. Natureza xurídica da concesión.

A ocupación de cada parcela conceptúase como unha utilización privativa dun ben demanial, que precisa do oportuno título habilitante. Este título, dadas as súas características, terá a consideración dunha concesión administrativa demanial, de acordo co previsto no artigo 93 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (en adiante, LPSP), así como no artigo 78 do Regulamento 1372/1986, de 13 de xuño, de bens das Entidades Locais (en adiante, RBEL).

As parcelas que constitúen a horta urbana municipal, cédense en precario, por período máximo de un ano, e seguirán sendo de titularidade e propiedade do concello de Teo.

3. Capacidade, requisitos e limitacións para ser titular das concesións.

Están capacitadas para presentar solicitudes de participación neste procedemento de adxudicación única e exclusivamente as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en ningunha das circunstancias recollidas na Lei 9/2017, de Contratos do sector público como prohibitivas para contratar, e cumpran coas limitacións e requisitos que se establecen no presente Prego e no Regulamento de funcionamento das hortas urbanas municipais do concello de Teo e demais que, no seu caso, resulten aplicables.

De acordo co previsto no art. 94 da Lei 33/2003, de patrimonio das Administracións Públicas, cando, posteriormente ao outorgamento da concesión, a persoa titular incorra nalgunha das prohibicións de contratar sinaladas, producirase a extinción da concesión.

Co obxecto de evitar posibles especulacións dos bens municipais, os/as usuarios/as das parcelas deberán cumprir as seguintes condicións:

- 1- Non poderán ser concesionarias das hortas municipais as persoas xurídicas.
- 2- Non se poderán conceder a unha mesma persoa, nin a unha unidade familiar, máis de unha parcela.
- 3- Só poderán solicitar ser concesionarias das hortas as persoas que estean empadroadas no concello de Teo.

O concello de Teo verificará si se cumpren os condicionantes, requisitos e limitacións establecidas no Regulamento. O non cumprimento destes determinará a exclusión do procedemento. O concello de Teo poderá recadar información de calquera solicitante en relación a algún dos extremos que sexa necesario para participar neste procedemento.

4. Publicación dos pregos e anuncio de apertura do procedemento de adxudicación.

Para maior garantía das persoas interesadas, a publicación do presente Prego e a publicación da convocatoria, realizarase en unidade de acto. A estes efectos, o presente prego de condicións e a restante documentación que integra o expediente estará a disposición dos interesados na Secretaría do concello, para o seu exame, a fin de que poidan presentarse reclamacións contra o Prego, durante o prazo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Teo (www.teo.gal).

De producirse reclamacións ao prego, estas non suspenderán o prazo para a presentación de solicitudes e serán resoltas polo órgano de contratación. Porén, de producirse a estimación das mesmas procederá, chegado o caso, a modificación do Prego e a apertura de novo proceso de licitación.

5. Presentación de solicitudes de adxudicación: lugar e prazo de presentación, formalidades e documentación.

5.1.- Lugar e prazo de presentación.- As solicitudes para ser adxudicatario/a das parcelas presentaranse por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de 15 días hábiles, contado a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Teo.

As solicitudes que se recibiran fóra do prazo fixado nestes pregos non serán admitidas, agás o previsto no parágrafo seguinte para as solicitudes remitidas por correo.

Para as solicitudes presentadas por correo, a persoa interesada deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar á alcaldía a remisión da solicitude, mediante FAX ao número 981809401 ou por email ao enderezo secretaria@teo.gal, dentro do mesmo día. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a solicitude no caso de que se recibira con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado neste apartado anterior.

A presentación das solicitudes de adxudicación de parcelas supón a aceptación incondicional do Prego de condicións e de cantas obrigas se deriven do mesmo.

5.2.- Formalidades e documentación.-

A solicitude presentarase no modelo normalizado de instancia (Anexo I), asinada pola persoa interesada, e debidamente cumprimentada, na que constará o nome e apelidos, domicilio a efectos de notificacións, e número de teléfono.

Xunto á solicitude achegarase a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada do DNI ou do documento que legalmente o substitúa
- Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Declaración xurada de compromiso de coidado e mantemento da horta.
- Se é o caso, informe dos servizos sociais do Concello de Teo
- Declaración xurada de que a persoa solicitante e/ou os membros da unidade familiar que vaian a cultivar a horta poden realizar tarefas agrícolas sen risco para a súa saúde. No caso de que existan dúbidas sobre este extremo, a comisión técnica poderá solicitar a presentación dun informe médico onde se indique tal competencia.
- Calquera documento que se estime oportuno para acreditar as circunstancias especiais que xustifiquen a autorización de uso de hortas sostibles

O concello comprobará de oficio o empadramento e a ausencia de infraccións e débedas tributarias municipais.

6. Criterios de selección e adxudicación das hortas.

De conformidade co establecido no artigo 13 do Regulamento o sistema de adxudicación será por sorteo público entre tódalas solicitudes admitidas dentro do prazo de presentación de solicitudes, tendo en conta as parcelas reservadas para emerxencia social e para persoas maiores de 65 anos.

7. Lista provisional. Requirimento de emendas. Lista definitiva.

Concluído o prazo de presentación de solicitudes de adxudicación, a comisión técnica de seguimento procederá á apertura dos sobres que conteñen a documentación. Se

observaran defectos ou omisións emendables na solicitude ou documentación presentada, concederán un prazo non superior a 3 días hábiles para que os solicitantes as emenden. Dito requirimento publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Teo (www.teo.gal), sen prexuízo da súa notificación individual aos participantes. As solicitudes que non fosen emendadas dentro do prazo habilitado ao efecto, serán excluídas do procedemento de adxudicación.

Igualmente serán excluídas do procedemento de adxudicación, sen necesidade de requirimento, as solicitudes que presenten defectos non emendables ou que non reúnan os requisitos ou a capacidade para participar no procedemento, ou non cumpran as condicionantes fixados no Prego.

O concello de Teo queda facultado para facer requirimentos de aclaracións ou complemento en relación ás solicitudes presentadas. Ditos requirimentos deberán atenderse nun prazo non superior a 3 días hábiles, producíndose, noutro caso, a exclusión do procedemento de adxudicación.

Confeccionada a lista provisional de solicitudes admitidas expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Teo (www.teo.gal), a efectos de reclamacións, por prazo de 10 días hábiles.

Unha vez rematado o prazo de reclamacións a comisión técnica de seguimento resolverá as reclamacións presentadas e publicará a lista definitiva no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Teo (www.teo.gal). Na lista definitiva farase constar as solicitudes excluídas, indicando o motivo da exclusión, e indicarse o lugar, data e hora na que se celebrará o sorteo.

8. Sorteo das parcelas.

O sorteo realizarase en presenza do alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, e en presenza da secretaria do concello ou funcionario/a en quen delegue, que dará fe do acto, e levarase a cabo en dúas fases, na primeira fase sortearanse as 3 parcelas reservadas para maiores de 65 anos, entre os solicitantes admitidos que cumpran este requisito.

No suposto de que o número de solicitantes maiores de 65 anos sexa menor que o número de parcelas que se sortean, as parcelas sobrantes sortearanse entre o resto dos solicitantes.

Na segunda fase sortearanse as parcelas restantes, entre todos os solicitantes admitidos, incluídos os maiores de 65 anos que non resultaran adxudicatarios na primeira fase.

Os solicitantes que non obteñan parcela no sorteo pasarán a formar parte dunha lista de agarda, que quedará establecida no mesmo acto do sorteo, para cubrir as posibles baixas, segundo a orde que ocupen na referida lista.

9. Adxudicación das parcelas.

Rematado o sorteo farase unha proposta de adxudicación que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Teo, a efectos de reclamacións, por prazo de 10 días hábiles.

Transcorrido este prazo e resoltas as reclamacións adxudicaranse definitivamente as parcelas, mediante resolución da alcaldía, previa presentación polos adxudicatarios dos certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social.

O acordo de adxudicación conterà a asignación concreta das parcelas e seralle notificado a todos os solicitantes sexan ou non adxudicatarios, publicándoo así mesmo no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Teo.

10. Autorización definitiva para uso das hortas.

De conformidade co establecido no artigo 14 do Regulamento, no prazo de 15 días procederase a expedir as correspondentes autorizacións demaniais para o uso privativo das parcelas.

Se os adxudicatarios incumprisen as obrigas que se precisan nos presentes pregos, renunciaren, causasen baixa ou perdesen o dereito ao uso das hortas, poderá

adxudicarse a concesión aos solicitantes da lista de agarda, que cumpra os requisitos establecidos, de acordo coa orde.

O uso das parcelas é persoal e intransferible, debendo o concesionario asinar unha acta de inicio de uso da parcela e compromiso, conforme ao modelo que se acompaña como **anexo III**.

11. Duración da concesión.

A concesión terá unha duración de un ano, e poderá ter unha prórroga de igual duración. Esta prórroga terá que ser solicitada mediante instancia no concello de Teo, con unha antelación mínima de un mes. Unha vez esgotado o prazo, finalizará a concesión.

12. Dereitos e obrigas dos/as adxudicatarios/as.

Os adxudicatarios/as das hortas non poderán transferir nin ceder o uso das parcelas a terceiros, baixo ningún concepto.

No suposto de que o titular da concesión non poida atender a horta temporalmente, poderá delegar noutra persoa por un período máximo de tres meses, previa comunicación ao concello.

Os/as concesionarios/as terán os dereitos e as obrigas recollidos no Regulamento de funcionamento das hortas do concello de Teo, en particular nos artigo 25 e seguintes do citado Regulamento.

13. Causas de extinción e revogación.

A concesión extinguirase por calquera das causas recollidas no Regulamento de funcionamento de hortas urbanas municipais do concello de Teo. O concello procederá á revogación da concesión de producirse algunha das circunstancias recollidas como causantes da mesma no citado Regulamento.

14. Xurisdición competente.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polos órganos de contratación; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, a tenor da lei reguladora de dita xurisdición. Porén, os/as interesados/as poderán interpor o recurso potestativo de reposición previsto nos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Teo, 23 de outubro de 2018

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira



CONCELLO DE TEO
Alcaldía

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PARCELAS DE HORTAS URBANAS DE TEO

DATOS DO/DA SOLICITANTE

Apelidos e nome	
DNI / NIE	
Data de nacemento	
Enderezo completo	
Enderezo electrónico	
Teléfono/s de contacto	

QUENDA (sinale a que proceda)

- Xeral
- Maiores de 65 anos
- Servizos sociais

EXPÓN:

Que tendo coñecemento do procedemento que se tramita para a concesión de parcelas de hortas urbanas de Campos de Mirabel, parroquia de Calo, no concello de Teo e, estando interesado/a en participar nel, e aos efectos manifesta:

1.- Que acepto plenamente o prego de condicións aprobados ao efecto e cantas obrigas se deriven do mesmo, como participante no procedemento e, no seu caso, como adxudicatario/a e en consecuencia declaro:

- Que estou ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Que estou fisicamente e psiquicamente capacitado/a para realizar traballo de horta.
- Que me comprometo a un correcto coidado e mantemento da horta.

- Que podo realizar tarefas agrícolas sen risco para a miña saúde.
- Que non formo parte dunha unidade familiar usuaria dunha horta urbana municipal do concello de Teo.
- Que me comprometo a cumprir as disposicións establecidas no Regulamento de hortas urbanas do concello de Teo.

2.- Que non estou incurso/a en ningunha das prohibicións de contratar recollidas na Lei 9/2017, de Contratos do sector público

3.- Que estou empadroado/a no concello de Teo

SOLICITA:

Que previo os trámites oportunos se lle outorgue en concesión unha parcela das hortas urbanas municipais de Campos de Mirabel, no concello de Teo.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA (marcar o que proceda) :


- Fotocopia cotexada do DNI ou do documento que legalmente o substitúa
- Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Declaración xurada de compromiso de coidado e mantemento da horta.
- Se é o caso, informe dos servizos sociais do Concello de Teo
- Declaración xurada de que a persoa solicitante e/ou os membros da unidade familiar que vaian a cultivar a horta poden realizar tarefas agrícolas sen risco para a súa saúde. No caso de que existan dúbidas sobre este extremo, a comisión técnica poderá solicitar a presentación dun informe médico onde se indique tal competencia.
- Calquera documento que se estime oportuno para acreditar as circunstancias especiais que xustifiquen a autorización de uso de hortas sostibles

Teo, de de

Asdo.: O/a solicitante

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TEO

ANEXO II



ANEXO III
ACTA DE INICIO DE USO DA PARCELA

Dunha parte, o/a **concesionario/a**

Nome e Apellidos
DNI / NIE
Data de nacemento
Enderezo completo
Enderezo electrónico
Teléfono/s de contacto

Doutra parte, en representación **do concello de Teo**,

Nome e apelidos	
Cargo	

ACORDAN:

Que no día de hoxe, dede iniciase o uso da horta urbana por parte de D/D.^a, logo de que no procedemento de adxudicación lle fose concedida a parcela númeroda horta urbana de Campos de Mirabel-Calo.

Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir o establecido no Regulamento de funcionamento de Hortas Urbanas municipais do concello de Teo, así como a restante lexislación aplicable.

A persoa interesada

O/a representante do concello de Teo